

ACTA Nº 41/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 13 DE OUTUBRO 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Victor Pastoriza Lino
Dona Libertad Cruz Couso
D. Daniel Rodas Chapela.
D. Valentín Piñeiro González.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 13 de outubro de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:30 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 39/10, correspondente á sesión do 27 de setembro de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Non hai.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circía

subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 136/10 – D.^a PAULA JUNCAL RÚA presenta proxecto de reparación e conservación de cuberta en vivenda unifamiliar xa existente, situada nos Ladrados nº 255, no barrio de Abelendo, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado o día 6 de agosto de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 4 de outubro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME:Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo Atendendo as definicións do Capítulo IV relativas as normas de habitabilidade para vivendas obxecto de actuacións de rehabilitación ou ampliacións en edificación e vivendas existentes, as obras de conservación para a reparación de cuberta quedan clasificadas polo Artigo 8º.A.1 como obras de adecuación estrutural para o Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia; de acordo co Artigo 10º do referido decreto, a este tipo de obras non lles será esixibles o cumprimento das normas NHV-2010.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais e conforme se define na memoria construtiva do proxecto se colocará canalón e baixantes.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	127,73 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

3.B) EXPTE. 165/10 – D. JOSÉ PEREIRO MARTÍNEZ presenta proxecto básico e execución de reparación e conservación de vivenda unifamiliar, limpeza de fachadas e colocación de ventás, sita na rúa dos Corvos nº 39, do barrio da Ribeira-Meira, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, da AR.UR.MO, visado o 23.09.2010,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 5 de outubro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

Atendendo ás definicións do Capítulo IV relativas as normas de habitabilidade para vivendas obxecto de actuacións de rehabilitación ou ampliacións en edificación e vivendas existentes, as obras de conservación para a reparación de cuberta quedan clasificadas polo Artigo 8º.A.1 como obras de adecuación estrutural para o Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia; de acordo co Artigo 10º do referido decreto, a este tipo de obras non lles será esixibles o cumprimento das normas NHV-2010. As demais obras de conservación non son obxecto de encaixe nos distintos apartados do referido decreto.

A presente licenza outórgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais e conforme se define na memoria construtiva do proxecto, limpeza de fachadas e reparación de portas e ventás. Preservarase o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	91,35 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

3.C) EXPTE. 171/10 – COMUNIDADE DE PROPIETARIOS “EDIF. A CHURREIRA” presenta estudo técnico de conservación exterior dun edificio de vivendas, situado na rúa Canexa nº 2, esq. Avda. Concepción Arenal, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado na data 21 de setembro de 2010; orzamento das obras 16.612,72 euros, superficie: 627,00 m2.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 6 de outubro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza das obras de conservación definidas no estudo técnico.

Non precisa informes sectoriais.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse no chorreo para limpeza de fachadas, colocación de onduline en medianeiras, impermeabilización de fachadas con hidrofugante, pintado de patio de luces e reparación de canalóns e baixantes de aluminio.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	465,15 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

4.- PARCELACIÓN

Visto o expediente instruído a instancia da interesada que de seguido se indica, e examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de parcelación de fincas, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes:

- EXPTE. 163/10 - D. ^a ROSA GARCÍA GARCÍA e D. MANUEL FERNÁNDEZ JUNCAL presentan proxecto de agregación-segregación (parcelación) de catro fincas, sitas no barrio da Xalde – San Martiño – Moaña, redactado polo arquitecto D. Miguel Serrano Gómez, visado na data 10.09.2010,

Dáse conta do informe do aparelador do Concello de Moaña de data 4 de outubro de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: AGRUPACIÓN-PARCELACIÓN
INFORME: **Procede licenza parcelación.**

Solo núcleo rural de Ordenanza 7. Agrupación das parcelas “1”, “2”, “3” e “4” de 128, 505, 814 e 557 metros cadrados respectivamente. As parcelas resultantes da parcelación descritas na documentación técnica presentada, visada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con data de 10/09/2010, resultan dúas parcelas “A” e “B” de 1044,00 e 660,00 metros cadrados que cumpren a condición de mínimas segundo as determinacións da ordenación urbanística previstas para a zona onde se enclavan.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza urbanística..... 220,00 €

5.- LICENZAS DE APERTURA

5.A) EXPTE. 24/10 – ZETTEL BUEU, S.L. solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 1 de xuño de 2009, licenza de apertura de local na rúa Concepción Arenal, nº 88, baixo. Achega informe sobre cumprimento de normativa para a concesión de licenza de apertura redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado o 31.05.10.

Visto o informe do aparelador municipal do 7 de outubro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: COMERCIO VENDA DE TELEFONIA MOBIL

INFORME: **Procede licenza de apertura e funcionamento** a favor de Zettel Bueu, S.L. para actividade non clasificada.

Non require licenza urbanística por non acometerse obras.

Non require informes sectoriais.

Atendendo o disposto no Artigo 194.2 da LOUGA sométese a licenza o presente acto por constituir un uso do solo.

A presente actividade de **comercio para a venda de telefonía móbil**, resulta compatible co planemento urbanístico dadas as características da mesma; o local, atendendo o disposto no Artigo 22.2 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, unha vez inspeccionado polo arquitecto técnico municipal e inspector de obras, cumpre coas condicións de tranquilidade, seguridade e salubridade que quedan de manifesto na documentación técnica presentada.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparellador municipal, acorda conceder a **ZETTEL BUEU, S.L.** licenza para a implantación da actividade de **COMERCIO PARA A VENDA DE TELEFONÍA MÓBIL** no local situado na rúa Concepción Arenal, 88 baixo, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

5.B) EXPTE. 13/10 – D^a. ANGUSTIAS VILA PÉREZ solicita mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 12 de abril de 2010, licenza de apertura de local destinado a oficina na rúa Concepción Arenal 202, baixo.

Visto o informe do aparellador municipal do 7 de outubro de 2010 que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A OFICINA.

INFORME: Procede licenza de apertura para establecemento comercial destiñado a **oficina** a favor de **Angustias Vila Perez**.

Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 46/2010 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26 de abril do 2010.

A ordenación de usos das NN.SS. de Planeamento Municipa para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución dimultánea coa licenza de actividade (Artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras que queda adxunta ao expediente.

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 6 de outubro de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **OFICINA** cuxo titular resulta ser **Dna. Angustias Vila Pérez**, a cal declara a execución das obras de acordo coa licenza urbanística de obras e actividade (Expediente 46/2010) outorgada pola xunta de Goberno Local celebrada o día 24 de abril de 2010, o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **Dª ANGUSTIAS VILA PÉREZ**, licenza de apertura para establecemento comercial destinado a OFICINA no local situado na rúa Concepción Arenal, 202, baixo, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

5.C) EXPTE. 19/10 – D. CARLOS BARREIRO PIÑEIRO solicita mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 14 de maio de 2010, licenza de apertura de local destinado á venda polo miúdo de flores, plantas e mascotas, na Avda. Menden Núñez, 22, baixo (esquina rúa Batalla del Callao).

Visto o informe do aparelador municipal do 7 de outubro de 2010 que literalmente di:

ASUNTO: COMERCIO MENOR FLORES, PLANTAS E MASCOTAS.

INFORME: **Procede licenza de apertura e funcionamento da actividade non clasificada.**

Non require licenza urbanística por non acometerse obras.

Require informes sectoriais.

No expediente consta informe da Consellería de Sanidade conforme non considera preciso emitir informe sanitario por inexistencia de lexislación sectorial aplicable a presente actividade.

Atendendo ao disposto no Artigo 194.2 da LOUGA sométese a licenza o presente acto por constituir un uso do solo.

A presente actividade de **comercio menor de flores, plantas e mascotas**, resulta compatible co planemento urbanístico dadas as características da mesma; o local, atendendo o disposto no Artigo 22.2 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, unha vez inspeccionado polo arquitecto técnico municipal e inspector de obras, cumpre coas condicións de tranquilidade, seguridade e salubridade que quedan de manifesto na documentación técnica presentada.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 350 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **D. CARLOS BARREIRO PIÑEIRO**, licenza de apertura para establecemento comercial destinado á VENDA POLO MIÚDO DE FLORES, PLANTAS E MASCOTAS, no local situado na rúa Méndez Núñez, 20, baixo, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

6.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERROS EN ACORDO DE CONCESIÓN DE LICENZA

Vista a proposta do arquitecto técnico municipal do 13 de outubro de 2010, que di:

Advertiuse erro de transcripción na redacción do acordo da Xunta de Goberno do 6 de setembro de 2010 pola que se lle concede a licenza de obras do expediente 154/10 de D. Fernando Pérez Carballo, en canto a:

- a data do meu informe: é do 2 de setembro de 2010 no canto do 30 de agosto de 2010,

- o recuamento á vía pública pública será de 4,00 metros dende o eixo, tal e como recolle o informe, e non de 4,900 metros como se transcribiu na acta.

Polo exposto propoño que se corrixa os erros detectados, quedando a redacción do citado acordo 6 de setembro de 2010 nos seguintes termos:

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de obra, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circunscrición aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

...

2.B) EXPTE. 154/10 – D. FERNANDO PÉREZ CARBALLO presenta proxecto de construción de muro de contención de terras de 24,40 m.l. por 2,00 m de alto para cerramento de finca, lindante con vía pública, no barrio da Marrúa, 23, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado na data 31.08.2010.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do día 2 de setembro de 2010, que literalmente di:

Asunto: Proxecto de construción de muro de contención

Informe: **Procede informar favorablemente o expediente.** O recuamento á vía pública será de 4,00 mts. dende o eixo. Previo á execución da obra deberá sinalar o replanteo o Inspector de obras municipal.

O proxecto de construción de muro de contención está redactado polo Arquitecto Técnico D. José Ponce Yáñez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Pontevedra o día 31 de agosto de 2010. Presenta a seguinte documentación.

- Memoria descritiva.
- Memoria construtiva.
- Xustificación urbanística sobre o cumprimento do establecido nas NN.SS municipais.
- Memoria de cálculo
- Normativa de obrigado cumprimento
- Estudo de xestión de residuos
- Plan de control de calidade
- Estudo básico de seguridade e saúde.
- Documentación gráfica.
- Prego de condicións
- Medicións e presuposto
- Presenta Oficio de Dirección de Obra asinado polo arquitecto técnico, D. José Ponce Yáñez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 31 de agosto de 2010.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	115,23 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de corrección de erros nos seus xustos termos.

7.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

Promociones Calvylor, S.L., por escrito do 3 de xuño de 2010, expón que están tramitando o expediente 35/2007 para a construción dun edificio de dous sotos, semisoto, baixo, dúas plantas e aproveitamento baixo cuberta, sito no cruce das rúas Almans e Fragata Blanca, e dado que se manteñen as mesmas condicións urbanísticas que no momento do outorgamento da licenza, solicita unha prórroga de tres anos para poder finalizar as obras, debido á existencia de problemas técnicos e xeolóxicos á hora de abordar a obra, así como a quebra da construtora que estaba executando as obras.

Visto o informe do aparelador municipal do 5 de outubro de 2010, que di:

ASUNTO: PRÓRROGA DA LICENZA.

INFORME: Non procede prórroga da licenza.

O proxecto debe adecuarse a legalidade vixente polo que deberá adaptarse as Normas do Habitat. En razón o disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 262/2007, do 20 de decembro polo que se aproban as Normas do Habitat Galego, a presente licenza solicitada antes da entrada en vigor do decreto xa referido se redactou o proxecto con aplicación do Decreto 311/1992, do 11 de novembro, condición que persistiría na súa aplicación sempre que a execución da obra se iniciase nun prazo de seis meses desde o outorgamento da licenza segundo o previsto no artigo 197 da Lei 9/2002 de 30 de decembro, condición aquí non cumprida.

Procederá a declarar caducada a licenza con audiencia do interesado de acordo co artigo 197.3,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que non procede a prórroga solicitada polos motivos que se recollen no informe do aparelador municipal.

8.- PROPOSTA DE GASTO

8.A) Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEEDOR	PARTIDA	IMPORTE
CULTURA	Representación teatral "Ao raso coas lebres" no CC Daniel Castelao	Casahamlet, S.L.	3340 22610 RC 1406	2.124 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito que se efectuou para este gasto,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na taboa.

8.B) Visto o orzamento do 28.09.10 presentado pola empresa VIVEIROS ADOA polo suministro de material para xardíns, por un importe 912,85 euros.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito que para este gasto se efectuou na partida 1710-22109 RC 1404.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 912,85 € a favor da empresa VIVEIROS ADOA, con cargo a partida 1710-22109 RC 1404.

9.- AXUDAS EXTRASANITARIAS DE PERSOAL LABORAL

D. Jesús Boubeta García, traballador laboral fixo do Concello, solicita axuda extrasanitaria para a adquisición dunhas gafas segundo o convenio de persoal laboral, e achega informe facultativo e factura por importe de 280 euros.

Visto o informe favorable do interventor do 13 de outubro de 2010, que cuantifica a axuda en 174,24 euros (100% do importe xustificado dos lentes -114,14 €- e o 50% do custe da montura -60,10 €),

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga a favor de D. Jesús Boubeta García, por importe de 174,24 euros, con cargo a partida 2210.16204 en concepto de axuda extrasanitaria.

10.- CERTIFICACIÓNS Nº 1 E ÚNICA DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE CIRCUITOS BIOSAUDABLES NAS ÁREAS NATURAIS DO CONCELLO DE MOAÑA”.

Dáse conta da certificación nº 1 e única da obra “CONSTRUCCIÓN DE CIRCUITOS BIOSAUDABLES NAS ÁREAS NATURAIS DO CONCELLO DE MOAÑA”, presentada pola empresa HPC IBERICA S.A., asinada pola directora de obra Dna. Silvia Vázquez Fernández, por importe de 101.724,14 EUROS así como da factura nº 100.650 de data 14/09/10, por importe de 101.724,14 euros, íve incluído.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 8 de outubro de 2010 no que se emite nota de reparo por deficiencias no proceso de adxudicación, non acreditación da situación de desempregado do novo traballador contratado. Execución de obras distintas ás previstas no obxecto do contrato e deficiencias na modificación do contrato e omisión de informe sobre a subcontratación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 8 de outubro de 2010, por entender que as obras foron efectivamente executadas nos termos recollidos e as certificacións asinadas polo Director de Obra e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración, por entender xustificadas no expediente as razóns que motivaron a modificación do contrato aprobada, requirindo informe do adxudicatario respecto da subcontratación conforme ao previsto nos pregos.

Segundo: Aprobar a certificación nº 1 e única da obra “CONSTRUCCIÓN DE CIRCUITOS BIOSAUDABLES NAS ÁREAS NATURAIS DO CONCELLO DE MOAÑA” de data 10 de setembro de 2010, por importe de 101.724,14 euros.

Terceiro: Requirirlle ao adxudicatario para que achegue informe do Director de Obra sobre a subcontratación.

Cuarto: Aprobar a factura nº 100650, de HPC IBERICA S.A., de data 14/09/10, polo importe de 101.724,14 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 3420.62800.

11.- VADOS

11.A) D^a Amanda Paz Costa, por escrito do 14 de xuño de 2010, solicita un vado permanente na rúa Moureira, 14 – Meira, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 56,25 euros (10,00 € entrada de vehículos, 31,25 € pasaxe permanente, 15 € do sinal).

Visto o informe do inspector xefe da Policía local do 7 de xullo de 2010, onde di que o portal ten un ancho de 3 metros e o acceso a el ten un ancho de 5 metros, onde habería que pintar unha liña lonxitudinal continua de cor amarela,

Visto o informe do inspector de obras do día 30 de setembro de 2010 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D^a Amanda Paz Costa, na rúa Moureira, 14 - Meira, cunha entrada de 5 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 56,25 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

11.B) D^a Dolores Lorenzo Martínez, por escrito do 10 de agosto de 2010, solicita un vado permanente na avenida de Cangas, 1, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 39,75 euros (6 € entrada de vehículos, 18,75 € pasaxe permanente, 15 € do sinal).

Visto o informe do inspector xefe da Policía local do 31 de agosto de 2010, onde di que é un galpón, garaxe de 2,70 m de ancho, a entrada ten un rebaixe de bordillo de 3 m de ancho e ten a súa entrada na rúa Daniel Castelao.

Visto o informe do inspector de obras do día 9 de setembro de 2010 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D^a Dolores Lorenzo Martínez, na avenida de Cangas nº 1, cunha entrada de 3 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 39,75 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

12.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE TAXAS

D. Julio Fernández Paredes, por escrito do 16 de agosto de 2010, expón que con data 6 de agosto pagou as taxas de dereitos de conexión á rede municipal de saneamento e que no ano 2000 pagoulle a Espina & Delfin. Acompaña fotocopia de dita factura e solicita que se lle reintegre a cantidade de 180 euros pagada este ano.

Visto o informe desfavorable á devolución da tesoureira do 19 de agosto de 2010, que logo de recoller a lexislación e normativa examinada así como os antecedentes, indica que *o feito impoñíbel desta taxa (por importe de 180,00 euros) é a prestación, de recepción obrigatoria, do servizo consistente na “actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a conexión á rede municipal de sumidoiros”, non o referido ás actuacións materiais necesarias para facer efectiva fisicamente tal conexión (prestación facturada pola empresa indicada....*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a solicitude de devolución de taxas polos motivos recollidos no informe da Tesourería.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 20:10 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.